



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Dona Lucía López López, Secretaria - Interventora accidental do Concello de Pedrafita do Cebreiro (Lugo),

CERTIFICA:

Que en data 11.10.2018, a xunta de goberno local, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo extraído literalmente do borrador da acta de dita sesión e que dí:

“PUNTO QUINTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DO PROCESO DE PRESELECCIÓN DUNHA LISTAXE DE CANDIDATOS, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO/A ORIENTADOR/A LABORAL SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Vista a orde do 19 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercizo 2018.

Visto que se subvenciona a este Concello a contratación dun técnico/a orientación laboral de acordo coa resolución de data 08.08.2018 emitida pola Consellería de Economía Emprego e Industria, Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Visto o disposto na Lei 6/2018, do 03 de xullo de 2018, da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, BOE nº 161 do 04 de xullo de 2018, onde no artigo 19. 10. Dous di: “Non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ó nomeamento de persoal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”

Vistas as necesidades dos servizos municipais, constatándose a necesidade de prover os postos de traballo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes

ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a excepcionalidade da contratación dun/ha Técnico/a orientador/a laboral

Segundo.- Convocar as probas selectivas para a contratación dun/ha Técnico/a orientador/a laboral.

Terceiro.- Aprobar as bases que rexerán a convocatoria para a contratación temporal de dun/ha Técnico/a orientador/a laboral , mediante contrato laboral temporal co contido seguinte:

“BASES DO PROCESO DE PRESELECCIÓN DUNHA LISTAXE DE CANDIDATOS, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DUN POSTO DE

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

TRABALLO DE TÉCNICO/A ORIENTADOR/A LABORAL SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

1. - OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.1.- É obxecto da presente convocatoria, a provisión como persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición dun posto de traballo de Técnico Orientador/a laboral, que estenderá a súa vixencia durante UN ANO desde a sinatura do contrato, consonte á subvención concedida ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia do 19 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de orientación laboral no ano 2018.

A persoa seleccionada prestará os seus servizos no Servizo de Emprego do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

1.2.- O procedemento de preselección do/a aspirante será o de concurso-oposición, conforme ó baremo de méritos e probas previstas nas presentes bases.

2.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

A modalidade de contratación será a de contrato laboral temporal “contrato para obra ou servizo determinado” previsto no artigo 15.1.a do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do estatuto dos traballadores, modificado pola Lei 35/2010, do 17 de setembro (BOE do 18 de setembro), no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro e estará vinculado ao financiamento do servizo por parte da Xunta de Galicia.

A duración do contrato será dun ano dende a súa formalización.

A xornada laboral será a tempo completo consonte á establecida pola normativa vixente aplicable no momento de formalización do contrato.

As funcións do posto axústanse para a realización do servizo ao establecido no artigo 8 do Real decreto 7/2015, do 16 de xaneiro, polo que se aproba a Carteira común de servizos do Sistema nacional de emprego, incluíndo as seguintes actividades segundo a Orde da convocatoria:

- a) Diagnóstico individualizado e elaboración do perfil ocupacional da persoa demandante de emprego.
- b) Deseño do itinerario personalizado para o emprego.
- c) Acompañamento personalizado no desenvolvemento do itinerario e o cumprimento do compromiso de actividade.

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

- d) Deseño, planificación e execución de accións grupais de orientación laboral que poidan ser de interese, en función dos perfís das persoas orientadas, tanto para mellorar a eficiencia do servizo como para fomentar a interrelación e o intercambio de experiencias entre elas.
- e) Asesoramento e axuda técnica adicional para:
 - 1º. A definición do currículo das persoas usuarias, provisión de instrumentos e técnicas de axuda para a elaboración do seu currículo personalizado ou o uso de novas ferramentas de presentación profesional a través do uso das TIC.
 - 2º. A aplicación de técnicas para a procura activa de emprego
- f) Información e asesoramento adicional sobre: A situación do mercado de traballo e as políticas activas de emprego, a oferta formativa e os programas que faciliten a mobilidade para a formación e cualificación europeas e a posta en marcha de proxectos emprendedores ou de emprego autónomo, así como os recursos de apoio de todo tipo dispoñibles no seu contorno para un asesoramento ou acompañamento máis especializado.
- g) Apoio á xestión da mobilidade laboral.
- h) Coordinación e colaboración co resto de persoal de orientación laboral e coa Rede de técnicos de emprego de Galicia para o intercambio de información e boas prácticas no eido do emprego, o emprendemento e a análise e prospección do mercado laboral.
- i) Mellora continuada das súas propias competencias e recursos profesionais para a orientación laboral a través da participación nas accións de formación e capacitación específicas que se determinen desde a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- j) Calquera outra relacionada que se lle encomende.

3.- CONDICIÓN DO/A ASPIRANTE.

Para ser admitidos para a realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización de presentación de solicitudes e deberán gozar destes durante todo o procedemento selectivo:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do TREBEP. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión de calquera dos títulos de licenciada/o universitaria/o, arquitecta/o, enxeñeira/o ou grao; enxeñeiro/a técnico, diplomado/a universitario, arquitecto/a técnico ou grao, ou en condicións de obtelo na data en que termine o prazo de presentación de instancias.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

propias do posto de traballo á que accede.

e) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

f) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

g) Desempregados inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

4.- INSTANCIAS.

4.1.- Os que desexen tomar parte no concurso-oposición, deberán presentar solicitude no modelo oficial que se lles facilitará nas dependencias municipais e serán dirixidas ao Sr. Alcalde - Presidente da Corporación trala preselección realizada pola Oficina de Emprego de Becerreá de acordo coas instrucións necesarias para entidades beneficiarias da subvención para realización de accións de orientación laboral convocatoria 2018 2.2 que literalmente dí “para a preselección do novo persoal orientador que vai realizar labores de orientación laboral a entidade contactará **preferentemente coa oficina de emprego** que lle corresponda polo seu ámbito funcional para solicitar persoas candidatas sobre as que realizar as probas de preselección”

4.2.- Xunto coa instancia deberán achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia dos documentos que acrediten a titulación.
- Currículum vitae completo, preferentemente no modelo oficial do Servizo Público de Emprego de Galicia, facendo constar os méritos a baremar de acordo co establecido no punto 7.
- Copia auténtica da documentación acreditativa do cumprimentos dos requisitos a baremar.
- Tarxeta de desempregado/a emitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

4.3.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, sendo o último día hábil para a súa presentación o día 24 de outubro de 2018 Tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax (982 367 150) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

4.4.- Para ser admitido ao concurso, bastará con que os aspirantes manifesten na súa solicitude de participación, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base 3, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

A autoridade que convoca, por si ou a proposta da Comisión de Valoración, deberá dar conta aos órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorrer os aspirantes, para os efectos procedentes.

4.5.- Coas instancias deberanse achegar tódolos documentos xustificativos dos méritos alegados conforme ao baremo que figura na convocatoria. A falta de acreditar os méritos alegados, determinará a imposibilidade de valoración destes.

4.6.- Os erros materiais ou de feito e os aritméticos que se puidesen advertir, poderanse rectificar en calquera momento, de oficio ou petición do interesado.

A presentación da instancia para formar parte no proceso de selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así coma o consentimento do solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección. Así mesmo, os solicitantes prestan o seu consentimento para que o seu nome e número de documento identificativo sexan comunicados mediante a súa exposicións nos taboleiros de anuncios e na páxina web do concello para todo o relacionado co proceso selectivo.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo de 3 días hábiles que conterà:

- a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación se é o caso da causa de exclusión.
- a designación da comisión de valoración e a data da súa constitución.
- a data, hora e lugar en que se realizará as probas do concuso-oposición.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do concello de Pedrafita do Cebreiro, www.concellopedrafita.es

2 Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de cinco días hábiles, contado desde o

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

3 Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rechazadas mediante resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos/as.

4 A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base NOVENA.

6.-COMISIÓN DE VALORACIÓN.

A comisión de valoración estará constituída por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

Todos os membros deberán contar con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto convocado. Non formarán parte do mesmo persoas de elección ou designación política, funcionarios interinos nin persoal eventual.

O Alcalde nomeará por decreto os membros da comisión de valoración e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Pedrafita do Cebreiro.

Os membros da comisión de valoración deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Os membros da comisión de valoración así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

A comisión de valoración resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

7.- PROCEDIMIENTO DE PRESELECCIÓN.

O procedemento de preselección será o de concurso.-oposición

FASE CONCURSO:

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo co seguinte baremo:

Os méritos a que se fai referencia neste baremo, deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.-

7.1.- VALORACIÓN DE MÉRITOS.

7.1.1.-.Formación específica (máximo 3,5 puntos)

Máster, cursos en materias relacionadas co posto ofertado, valoraranse como segue: 0,20 puntos por cada 30 horas formativas.

Aqueles cursos nos que non se indiquen o número de horas non se valorarán.
A asistencia a xornadas, simposios, conferencias ou congresos non será obxecto de puntuación.

7.1.2.- Experiencia profesional (máximo 4,75 puntos)

A experiencia profesional deberá acreditarse a través do contrato de traballo en que se acredite experiencia profesional polo desempeño dunha ocupación igual ou equivalente a requerida das recollidas na CNO.

No caso de traballadores autónomos alta IAE (e actualización e facturas en que consten os servizos prestados).

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Xuntarase informe da vida laboral en ambos casos.

Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social, ou servizos sociais estes deberán acreditarse mediante certificación de organismos oficiais en que deberá constar o tempo de realización e de ser o caso copia das condicións da convocatoria.

Por cada mes realizando tarefas técnicas:

-Directamente relacionadas co posto ofertado: Técnicos/as de orientación (orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc.): 0,4 puntos por cada mes.

-Indirectamente relacionadas co posto ofertado (máximo 2 puntos nesta epígrafe): 0,1 puntos por cada mes.

7.1.3. Ámbito das TIC (máximo 2 puntos)

Os coñecementos acreditaranse mediante a achega de títulos, diplomas e/ou certificacións académicas.

A experiencia deberá acreditarse a través do contrato de traballo en que se acredite o desempeño dunha ocupación realcionada u compatible coa xestión de perfís en redes sociais ou en espazos web para a publicación de contidos (bloques, wikis..).

No caso de traballadores autónomos. alta IAE actualizada e facturas en que conste a prestación destes servizos. ando o órgano xstor o considere necesario, poderá solicitar adicionalmente a presentación dos enlaces que permitan o acceso ás publicacións realizadas ou outro tipo de acreditación da experiencia alegada.

- Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados (máximo 1 punto nesta epígrafe)

Pola titulación universitaria en enxeñaría Informática, Tecnoloxías da Información ou Telecomunicacións: 1 punto

Pola titulación oficial de persoa técnica/técnica superior relacionada coa familia informática e comunicacións: 0,5 puntos

Polos cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogs, wikis...) (máximo 0,6 punto nesta epígrafe): 0,2 puntos por cada curso

- Experiencia (máximo 1,5 puntos nesta epígrafe)

Experiencia acreditable na publicación ou xestión de espazos web ou perfís en redes sociais relacionados coa información, orientación e busca de emprego: 0,25 puntos por cada seis meses con actividade acreditable.

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

7.1.4. Outros méritos (máximo 0,25 puntos)

Celga 4 ou equivalente debidamente homologado: 0,25 puntos

7.1.5. Discapacidade (máximo 1 punto)

Por ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, e a compatibilidade entre a discapacidade e o desenvolvemento das tarefas e funcións do posto mediante o correspondente certificado do órgano competente: 1 punto.

As titulacións e a formación acreditarase coa presentación de orixinal, copia cotexada por fedatario público ou copia dilixenciada polo/a funcionario/a competente, do título ou certificado da entidade/organismo que impartiu a titulación ou realizou a actividade formativa onde veñan especificadas o número de horas (no caso de cursos e másters). De non vir especificadas o número de horas non puntuarán.

FASE DE OPOSICIÓN:

7.2.-Exercicio: De carácter obrigatorio, consistente en contestar no tempo máximo de unha hora, un cuestionario de 20 preguntas tipo test, que estarán directamente relacionadas coas funcións propias da praza e especificadas no temario do anexo II.

Este exercicio valorarase ata o máximo de 10 puntos (A razón de 0,50 puntos por cada resposta correcta).

A puntuación total dos participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso-oposición.

Nos casos de empate prevalecerá a puntuación obtida na fase de concurs , e de persistir o mesmo, resolverase por sorteo ao que poderán asistir os interesados.

A comisión de valoración publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios e na páxina web co concello de Pedrafita do Cebreiro e elevará dita relación ao Alcalde- Presidente que aprobará a relación de candidatos/as pola súa orde de prelación aos efectos da formación das bases de emprego.

8.- LISTA DE PRESELECCIONADOS.

Unha vez realizada a dita preselección polo Concello de Pedrafita do Cebreiro, a entidade remitiralle á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral o currículo da persoa preseleccionada, suficientemente acreditado.

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Os técnicos da Consellería de Economía, Emprego e Industria avaliarán os currículos presentados de acordo co baremo establecido no artigo 12 da Orde do 19 de xaneiro de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego. (DOG número 28 do 08 de febreiro de 2018).

Sen este requisito non se poderá formalizar o contrato, salvo no caso que resulte seleccionado persoal técnico que xa fose baremado ao abeiro dos programas de orientación laboral en exercicios anteriores.

9.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

O/a candidato/a proposto/a para ser contratado/a deberá achegar no prazo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación:

- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas
- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Quen tivera a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo só presentar certificación da Administración Pública da que dependa acreditando tal condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

Se dentro do prazo indicado, e salvo causa de forza maior, o aspirante proposto non presentara a documentación, ou non reunira os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado e quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incurrir por falsidade.

10.- ADQUISICIÓN DA CONDICION DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

Polo señor alcalde do concello de Pedrafita do Cebreiro, formalizarase o contrato co aspirante que, incluído na acta asinada coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, presentase a documentación esixida na convocatoria. Ata que se formalice este e se produza a incorporación ao posto de traballo correspondente, o aspirante non terá dereito a percepción económica ningunha.

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

O contrato terá o carácter de temporal, cun período de proba que se establece nun mes. Transcorrido o devandito período de proba, o persoal que o supere satisfactoriamente, adquirirá a condición de persoal laboral temporal do cadro de persoal do concello da Pedrafita do Cebreiro. No suposto de declarar a non superación do período de proba, a resolución deberá motivarse e darase conta aos representantes dos traballadores para o coñecemento e efectos.-

11.- INCIDENCIAS.

O Comisión de Valoración queda facultado para interpretar as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.-

12.- NORMA FINAL.

Primeira.-Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia, no Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, no Real Decreto 364/1995 e demais lexislación vixente de aplicación.

Segunda.-Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na Base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos só a través do Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello de pedrafita do cebreiro.

Terceira.-Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Admnsitracións Públicas.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a.....
, con DNI....., nado/-a(data nacemento),
veciño/-a de....., con enderezo a efectos de notificación
en.....
teléfono.....e enderezo electrónico.....

EXPON:

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura de unha praza de (Sinale con un aspa a praza para a cal foi convocado)

Técnico/a orientador laboral

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:
(relación de documentación esixida e de méritos alegados)

Polo tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o posto arriba indicado.
Pedrafita do Cebreiro,, de de 2018

(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO
(LUGO)”

ANEXO II

TEMARIO

- 1.- Programas Públicos de Emprego e Formación
- 2.- Servizos aos demandantes de emprego
- 3.- Políticas de Emprego. Normativa

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

4.- Iniciativas emprendedoras e mellora das cualificacións profesionais.”

Cuarto.- Remitir a correspondente oferta de emprego a oficina de emprego de Becerreá.”

E para que conste aos efectos oportunos, asino o presente certificado coa salvedade a que se refire o artigo 206 do ROF, en Pedrafita do Cebreiro, na data da sinatura electrónica a marxe.

O alcalde presidente

Asdo.: José Luís Raposo Magdalena

A secretaria interventora accidental

Asdo.: Lucía López López